

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE TRABAJO E INMIGRACIÓN

17977 *Real decreto 1622/2011, do 14 de novembro, polo que se modifica o Regulamento sobre colaboración das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1993/1995, do 7 de decembro.*

A regulación legal das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, contida no texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, foi modificada pola Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011, simplificando as reservas que deben constituír as mutuas, mediante a substitución das actualmente existentes en relación coas contingencias profesionais por unha única reserva de estabilización que permita aumentar a transparencia e facilite a xestión; esta reforma require un desenvolvemento regulamentario que posibilite a súa aplicación. A este respecto, a citada Lei 39/2010, do 22 de decembro, ordena que as operacións de peche correspondentes ao exercicio 2010 se realicen nos termos que regulamentariamente se determinen.

Para tal fin, xa no mes de decembro de 2010 se elaborou un proxecto de real decreto que foi sometido aos primeiros informes preceptivos, incluíndo outros asuntos pendentes de desenvolvemento regulamentario. Posteriormente, a tramitación do citado real decreto foi paralizada por petición das organizacións empresariais, representadas na mesa de diálogo social, para evitar posibles interferencias con algúns dos asuntos que se van tratar na dita mesa.

Unha vez concluída, sen acordo, a rolda de negociacións, subsiste a urxencia de concluír a tramitación do real decreto nos aspectos sinalados e naqueloutros relativos á xestión das mutuas cuxa dilatación no tempo podería afectar negativamente esta xestión.

Por outra parte, a Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema de Seguridade Social, establece, na súa disposición adicional décimo cuarta, que o Goberno, coa participación dos axentes sociais, abordará no prazo dun ano unha reforma do marco normativo de aplicación ás mutuas, consonte os criterios e finalidades que na dita disposición se sinalan.

En consecuencia, este real decreto límitase a desenvolver regulamentariamente os asuntos inaprazables en coherencia co actual marco normativo, deixando á marxe o resto do contido do proxecto inicialmente sometido a informe.

Finalmente, adáptase a posible actuación das mutuas, como titulares do capital social da respectiva sociedade de prevención, á modificación do artigo 32 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, recollida na disposición derradeira sexta da Lei 32/2010, do 5 de agosto, pola que se establece un sistema específico de protección por cesamento de actividade dos traballadores autónomos.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Inmigración, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de novembro de 2011,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento sobre colaboración das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1993/1995, do 7 de decembro.*

O Regulamento sobre colaboración das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1993/1995, do 7 de decembro, queda modificado como segue:

Un. Suprímese a letra c) do número 3 e o número 4 e modifícanse o parágrafo terceiro do número 1, o número 2, o primeiro parágrafo e as letras a) e b) do número 3 e o número 5 do artigo 13, que quedan redactados como segue:

«1. [...]

As mutuas poderán establecer centros e instalacións para a dispensación das actividades previstas neste punto. A creación, modificación e supresión destes requirirán autorización previa do Ministerio de Traballo e Inmigración, nos termos establecidos nos artigos 26 ao 29.»

«2. Con independencia das actividades preventivas reguladas no número anterior, e de conformidade co disposto no artigo 32 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, as mutuas poderán participar, con cargo ao seu patrimonio histórico, nas sociedades mercantís de prevención constituídas para este único fin.

En ningún caso as mutuas poderán desenvolver directamente as funcións correspondentes aos servizos de prevención alleos.»

«3. A participación nas sociedades mercantís de prevención a que se refire o número anterior axustarase aos seguintes requisitos:

a) O obxecto social das sociedades de prevención será a actuación como servizo de prevención alleo.

b) A denominación social non poderá incluír o nome da mutua nin a expresión «mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social» ou o seu acrónimo «MATEPSS».»

«5. Os títulos recibidos por unha mutua en virtude das achegas en diñeiro e en cousa distinta a diñeiro efectuadas á sociedade de prevención, así como o prezo que puideren obter por posibles transmisións, ou o remanente que puider resultar con motivo do cesamento nas súas actividades, forman parte do patrimonio histórico da mutua.

As operacións de transmisión de participacións, así como de disolución e liquidación das sociedades de prevención, rexeranse polo disposto no Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades de capital, e nas súas disposicións de desenvolvemento.

As sociedades de prevención en que participen as mutuas poderán realizar con outras sociedades de prevención ou con terceiros operacións de fusión e demais modificacións estruturais relacionadas coas ditas sociedades, logo de informe, se é o caso, da Comisión Nacional da Competencia, e con suxeición ao disposto na Lei 3/2009, do 3 de abril, sobre modificacións estruturais das sociedades mercantís, e nas súas disposicións de desenvolvemento. A sociedade resultante das referidas operacións deberá ter como fin único o sinalado no número 2.

Para poder iniciar as operacións mencionadas nos parágrafos anteriores será requisito necesario e imprescindible que se producise a efectiva segregación dos medios atribuídos á sociedade de prevención e, en concreto, que estea concluída a separación das mutuas como servizo de prevención alleo, para o cal se requirirá auditoría previa da Intervención Xeral da Seguridade Social, nos termos que estableza a dita intervención, de conformidade coas competencias atribuídas pola Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.»

Dous. O artigo 30 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 30. *Recursos financeiros.*

1. Os recursos financeiros da Seguridade Social administrados polas mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social xestionaranse a través dos correspondentes servizos de tesouraría nos termos e condicións que establezan as disposicións de aplicación e desenvolvemento.

Estes servizos de tesouraría deberán manter un saldo medio anual conxunto dentro dos límites mínimo e máximo que estableza o Ministerio de Trabajo e Inmigración.

2. Os excedentes que en cada momento se produzan sobre este saldo medio anual deberanse materializar nos investimentos financeiros sinalados no número seguinte.

Esta materialización deberá combinar seguridade e liquidez coa obtención da adecuada rendibilidade.

3. As mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social soamente poderán adquirir valores que se concreten en activos financeiros emitidos polo Estado, ou por outras persoas xurídicas públicas nacionais que contén coa cualificación crediticia mínima que se estableza, outorgada por unha axencia de cualificación recoñecida pola Comisión Nacional do Mercado de Valores, e que estean admitidos a negociación nun mercado regulado ou sistema multilateral de negociación.

Tendo en conta o anterior e de cara ao debido coñecemento destes investimentos das mutuas, abondará con que a operación formalizada se lle comunique ao Ministerio de Trabajo e Inmigración dentro do prazo dun mes desde a data da súa realización, e, así mesmo, á Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

4. O alleamento de valores que formen parte da carteira das mutuas, cando non sexa para a súa substitución, requirirá a autorización previa prevista no artigo 22 do Real decreto 1221/1992, do 9 de outubro, sobre o patrimonio da Seguridade Social.

Non obstante, cando o alleamento veña exixido para garantir o saldo medio anual mínimo establecido para os servizos de tesouraría, levarase a cabo directamente sen que se requira autorización previa, dándolle conta inmediata ao Ministerio de Trabajo e Inmigración.

5. Sen prexuízo do establecido no parágrafo segundo do número anterior, as mutuas deberán manter en cada momento do exercicio económico, cando menos, un importe do seu activo equivalente ao montante do 80 por cento das súas reservas, materializado en efectivo ou nalgún tipo de activos financeiros dos recollidos no número 3.»

Tres. Suprímese o artigo 31.

Catro. O número 2 do artigo 50 queda redactado nos seguintes termos:

«2. Este patrimonio deberá estar materializado en bens de inmovilizado directamente utilizados na xestión da entidade ou investido con criterios de seguridade, liquidez e rendibilidade, con suxeición ao disposto no artigo 30.2, coa única excepción das participacións en sociedades de prevención de acordo co disposto no artigo 32 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, sen que estes bens nin os rendementos que, de ser o caso, produzan poidan desviarse cara á realización de actividades mercantís, coa única excepción sinalada, e sen que tampouco poidan derivar da súa utilización ou administración beneficios de ningún tipo, que supoñan vulneración do principio de igualdade de dereitos dos empresarios asociados.

Os rendementos a que se refire o parágrafo anterior deberán reverter, en todo caso, ao patrimonio histórico da entidade e, cando deriven de investimentos financeiros, seralles de aplicación o establecido nos números 2 e 3 do artigo 30.»

Cinco. O artigo 58 queda redactado como segue:

«Artigo 58. *Informes de auditoría.*

1. O informe definitivo de auditoría de cumprimento, adicional ao de auditoría das contas anuais, unha vez cumprido o trámite de remisión establecido no cuarto parágrafo do artigo 34.6 do Real decreto 706/1997, do 16 de maio, polo que se

desenvolve o réxime de control interno exercido pola Intervención Xeral da Seguridade Social, dará lugar, no suposto de conformidade a que se refire ese precepto, a que o Ministerio de Traballo e Inmigración dite a resolución que proceda de acordo co sinalado no informe.

2. As resolucións ditadas de conformidade co disposto no número anterior conterán, se é o caso, as medidas e actuacións que deban adoptar a mutua, a entidade ou o centro mancomunado, de acordo co sinalado nos informes de auditoría. De proceder reintegrar cantidades ao patrimonio da Seguridade Social, na mesma resolución fixarase o prazo para o seu ingreso, transcorrido o cal se xerarán xuros de demora consonte o disposto no artigo 17 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.»

Seis. Os números 1 e 4 do artigo 60 quedan redactados nos seguintes termos:

«1. O Ministerio de Traballo e Inmigración poderá adoptar as medidas cautelares contidas no número seguinte, cando a mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais estea nalgunha das seguintes situacións:

a) Cando a reserva de estabilización por continxencias profesionais non alcance o 80 por cento da súa contía mínima.

b) Situacións de feito, deducidas de comprobacións efectuadas pola Administración, que determinen desequilibrio económico-financeiro, que poñan en perigo a solvencia ou liquidez da entidade, os intereses dos mutualistas e beneficiarios ou o incumprimento das obrigas contraídas, así como a insuficiencia ou irregularidade da contabilidade ou administración, en termos que impidan coñecer a situación da entidade.»

«4. Con independencia das medidas cautelares establecidas no número 2, e de conformidade co establecido no artigo 8 deste regulamento, o Ministerio de Traballo e Inmigración poderá acordar, cando se dea o suposto previsto na alínea a) do número 1, e así se entenda necesario para garantir a adecuada dispensación das prestacións pola entidade aos seus traballadores protexidos, a reposición da reserva de estabilización por continxencias profesionais das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social ata o importe mínimo previsto para ela neste regulamento, mediante o establecemento da correspondente derrama entre os seus asociados, como execución parcial da responsabilidade mancomunada que asumen nos resultados da xestión da mutua.»

Sete. O número 4 do artigo 63 queda redactado nos seguintes termos:

«4. Con independencia do establecido nos números anteriores, cada mutua aplicará, para a compensación dos resultados deficitarios da súa xestión que anualmente se poidan producir, a reserva de estabilización por continxencias profesionais.»

Oito. O artigo 65 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 65. *Provisión e reserva.*

1. As mutuas constituirán obrigatoriamente, ao final de cada exercicio, a reserva de estabilización por continxencias profesionais. Dotarase co resultado económico positivo anual obtido polas mutuas na súa xestión desas continxencias e terá como destino corrixir as posibles desigualdades de resultados económicos entre os diferentes exercicios. A contía mínima da reserva queda fixada no 30 por cento da media anual das cotas percibidas no último trienio pola mutua e polas expresadas continxencias.

Unha vez cuberta a contía mínima da reserva de estabilización, as mutuas poderán destinar a incremental a o 50 por cento do resultado económico positivo anual non aplicado.

2. A provisión para continxencias en tramitación que deben constituír as mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, así como o resto das provisións que constituían as ditas entidades, dotaranse e aplicaranse de acordo coas normas contables do sector público.»

Nove. O artigo 66 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 66. *Resultados económicos positivos.*

1. O resultado económico positivo anual obtido polas mutuas na súa xestión das continxencias profesionais deberase afectar, en primeiro lugar, á dotación da reserva de estabilización citada no artigo anterior.

2. O exceso do resultado económico positivo obtido pola xestión das continxencias profesionais, unha vez dotada a indicada reserva de estabilización, adscribirase aos fins xerais de prevención e rehabilitación, mediante o seu ingreso, ata o 31 de xullo de cada exercicio, na conta especial do Fondo de Prevención e Rehabilitación.

Os recursos dese fondo, logo de autorización previa do Ministerio de Traballo e Inmigración, destinaranse preferentemente á realización das seguintes actividades:

Ao fomento das actuacións extraordinarias das empresas na prevención dos accidentes de traballo e das enfermidades profesionais.

Á creación ou renovación de centros ou servizos de prevención, recuperación e rehabilitación xestionados polas mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social.

Á adopción de medidas e procesos que contribúan eficazmente e de maneira contrastable á redución da sinistralidade laboral, mediante un sistema de incentivos ás empresas que cooperasen especialmente na dita redución».

Dez. O parágrafo primeiro do número 1 do artigo 67 queda redactado nos seguintes termos:

«1. A Comisión de Prestacións Especiais a que se refire o artigo 32.4 terá ao seu cargo a concesión dos beneficios da asistencia social que deban ser satisfeitos pola mutua, con cargo aos créditos orzamentarios de cada exercicio.»

Once. Os números 2 e 3 do artigo 73 quedan redactados nos seguintes termos:

«2. O resultado anual desta xestión determinarase pola diferenza entre os ingresos e os gastos correspondentes, imputados en función da natureza da prestación e con base nas regras de contabilidade analítica que determine a Intervención Xeral da Seguridade Social».

«3. Os resultados positivos que deriven desta xestión, calculados segundo o previsto no número anterior, manteranse nunha reserva denominada «reserva de estabilización de incapacidade temporal por continxencias comúns», cuxa contía máxima se establece no 25 por cento das cotas percibidas pola mutua no exercicio e polas expresadas continxencias, e o seu destino exclusivo será atender os posibles resultados negativos futuros que se produzan na dita xestión.

Cando, debido á existencia de resultados negativos ou á insuficiencia dos positivos derivados desta xestión, a reserva de estabilización de incapacidade temporal por continxencias comúns non alcance un importe equivalente ao 5 por cento das cotas a que se refire o parágrafo anterior, a entidade poderá dispor para a cancelación do déficit, de ser o caso, e para a súa dotación ata ese importe, dos restantes resultados positivos obtidos no exercicio, sempre que a reserva prevista no artigo 65 se encontre correctamente dotada. Se eses resultados positivos foren

así mesmo insuficientes, a mutua poderá destinar á mesma finalidade o exceso constituído sobre a contía mínima da reserva de estabilización por contingencias profesionais.

Igualmente, cando a reserva de estabilización de incapacidade temporal por contingencias comúns se encontre dotada na súa contía máxima, os resultados positivos que deriven desta xestión ingresaranse no Fondo de Reserva da Seguridade Social.

Porén, unha vez que se estableza regulamentariamente o sistema de redución das cotizacións por contingencias comúns das empresas previsto no artigo 73.4 da Lei xeral da Seguridade Social, en proporción aos aforros de custos xerados ao sistema a través dos procesos de colaboración previstos nese artigo, poderase destinar ao dito fin unha porcentaxe máxima do 10 por cento dos referidos resultados positivos nos termos e condicións que establezan as disposicións específicas de desenvolvemento.»

Doce. O título e o número 1 do artigo 79 quedan redactados nos seguintes termos:

«Artigo 79. *Réxime financeiro.*

1. Os ingresos e gastos das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social derivados da colaboración na xestión das prestacións económicas de incapacidade temporal a favor dos traballadores por conta propia adheridos integraranse, para todos os efectos, cos demais ingresos e gastos obtidos e realizados por estas entidades na xestión da referida prestación establecidos no artigo 73.2.

Tendo en conta a integración de resultados que se establece no parágrafo anterior, as cotizacións percibidas incluíranse na base de cálculo do importe anual da reserva de estabilización que se establece no artigo 73.3. Así mesmo, será de aplicación o previsto no dito punto respecto do destino do exceso do resultado económico positivo resultante, nos termos establecidos nel.»

Trece. O artigo 84 queda redactado como segue:

«Artigo 84. *Reintegro de cantidades indebidamente percibidas.*

As mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social comunicaranlle á Tesouraría Xeral da Seguridade Social os seus acordos e as resolucións xudiciais polas cales se declare a existencia de cantidades indebidamente percibidas por prestacións económicas de incapacidade temporal xestionadas por estas, para que aquela proceda a exixir o seu reintegro consonte as normas establecidas no Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño. Os ingresos que se obteñan serán transferidos pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social á mutua correspondente, momento no cal se imputarán ao seu orzamento de gastos, como minoración das obrigas do exercicio corrente.»

Catorce. O artigo 90 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 90. *Réxime financeiro.*

1. Os ingresos e gastos das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social derivados da colaboración na xestión da protección das contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais dos traballadores adheridos integraranse, para todos os efectos, cos demais ingresos e gastos obtidos e realizados por estas entidades na xestión das referidas contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

As mutuas facilitaranlle ao Ministerio de Traballo e Inmigración, coa periodicidade e nos termos que este estableza, os datos económicos e demais

información relativa á modalidade de colaboración na xestión regulada neste capítulo.

2. Tendo en conta a integración de resultados que se establece no número anterior, as cotizacións percibidas incluíranse na base de cálculo dos importes da reserva de estabilización que se establece no artigo 65.1. Así mesmo, será de aplicación o establecido no artigo 63 en canto ao réxime financeiro.»

Quince. Engádesse unha disposición adicional décimo segunda, co seguinte texto:

«Disposición adicional décimo segunda. *Colaboración na xestión da prestación por coidado de menores afectados por cancro ou outra enfermidade grave.*

O resultado derivado da xestión da prestación por coidado de menores afectados por cancro ou outra enfermidade grave, nos termos que se establezan nas disposicións de desenvolvemento específico, incluírase no resultado económico anual a que se refire o artigo 66.»

Disposición adicional primeira. *Axudas de asistencia social.*

As axudas de asistencia social a favor dos traballadores protexidos polas mutuas ou dos seus habentes dereito que, ata a entrada en vigor deste real decreto, se viñan prestando con cargo ao Fondo de Asistencia Social, farano no sucesivo con cargo aos créditos orzamentarios de cada exercicio, cuxa dotación estará en función do resultado económico positivo por continxencias profesionais rexistrado no último exercicio liquidado. No suposto de resultaren estes inicialmente insuficientes, tramitaranse as modificacións de crédito que resulten precisas para a súa adecuación ás necesidades prestacionais, sempre que non superen a dotación media dos tres últimos exercicios liquidados.

Disposición adicional segunda. *Pensión de viuvez a favor de pensionistas con 65 ou máis anos que non perciban outra pensión pública.*

En virtude do disposto no artigo 66 bis do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, e co obxecto de darlle cumprimento ao establecido na disposición adicional trixésima da Lei 27/2011, do 1 de agosto, de actualización, adecuación e modernización do sistema de Seguridade Social, as entidades xestoras da Seguridade Social solicitaranlles aos organismos competentes dependentes do Ministerio de Economía e Facenda ou, de ser o caso, das comunidades autónomas ou das deputacións forais, a información contida nas súas bases de datos corporativas, en relación cos rendementos ou rendas percibidos polos pensionistas de viuvez con 65 ou máis anos, que non perciban outra pensión pública nin ingresos pola realización dun traballo por conta allea ou por conta propia.

Para os efectos da aplicación, no exercicio 2012, do previsto na mencionada disposición adicional, teranse en conta as seguintes regras:

Primeira.

Tomaranse, como límite de rendementos ou rendas, os importes establecidos no exercicio 2011 para poder ser beneficiario da pensión mínima de viuvez.

Segunda.

Para a acreditación de que a persoa beneficiaria non recibe rendementos ou rendas superiores aos sinalados na regra primeira, terase en conta a información que subministren os organismos competentes de acordo coas previsións desta disposición.

Terceira.

Acreditado o requisito de rendementos ou rendas, en función do previsto na regra anterior, a mellora da pensión de viuvez correspondente ao exercicio 2012 non será

obxecto de revisión, aínda que a persoa beneficiaria, con posterioridade e respecto dos exercicios seguintes aos contidos na información subministrada pola Administración tributaria correspondente, acredite ingresos superiores aos notificados por aquela.

Disposición transitoria primeira. *Convenios de asociación e documentos de adhesión.*

Unha vez que conclúa a ampliación excepcional do prazo de vixencia dos convenios de asociación e dos documentos de adhesión establecida na disposición transitoria primeira do Real decreto 38/2010, do 15 de xaneiro, polo que se modifica o Regulamento sobre colaboración das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1993/1995, do 7 de decembro, e mentres non se produza o desenvolvemento do establecido na disposición adicional décimo cuarta da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema de Seguridade Social, a decisión empresarial de denunciar o convenio de asociación e de subscribir un novo convenio, que se prevé nos artigos 61.3 e 62.2 do mencionado regulamento, deberase axustar ao establecido nos parágrafos seguintes.

De conformidade co criterio de participación dos traballadores recollido na alínea b) da dita disposición adicional entre os criterios e finalidades que deben presidir a reforma do marco normativo de aplicación ás mutuas que se anuncia nela, previamente á execución da decisión empresarial de denunciar e subscribir un novo convenio de asociación deberase solicitar o informe non vinculante do comité de empresa ou delegados de persoal a que se refire o artigo 61.3 antes citado, salvo que non existiren eses órganos de representación.

Para tal efecto, os referidos representantes dos traballadores terán dereito a pedir informe á nova mutua así como á anterior, se é o caso, e a coñecer o criterio da Administración de tutela ao respecto, cunha antelación mínima de tres meses á tramitación ante os órganos da Seguridade Social da repetida decisión empresarial. Transcorrido ese prazo sen se emitiren os informes indicados, a empresa poderá promover a referida tramitación.

Disposición transitoria segunda. *Adquisición ou alleamento da participación das mutuas nas sociedades de prevención.*

1. De conformidade co establecido no artigo 68.4 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, en relación coa disposición transitoria segunda.4 do Real decreto 688/2005, do 10 de xuño, polo que se regula o réxime de funcionamento das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social como servizo de prevención alleo, os actos de disposición sobre bens e dereitos integrantes do patrimonio histórico incorporado á participación das mutuas nas sociedades de prevención deberanse realizar a prezo de mercado e requirirán a autorización previa do Ministerio de Traballo e Inmigración, para a cal será preceptivo e determinante o informe da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

2. Antes de adquirir ou allear a súa participación nas sociedades de prevención, as mutuas deberán presentar no Ministerio de Traballo e Inmigración unha auditoría de separación definitiva da súa actividade como servizo de prevención alleo, que será sometida a informe da Intervención Xeral da Seguridade Social. Para a emisión dese informe, a Intervención Xeral da Seguridade Social, con base no establecido nos artigos 144 e 145 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, poderá acceder a calquera información que se precise da sociedade de prevención, incluídas as auditorías de calquera tipo que sobre esa sociedade se realizen.

3. Durante un período transitorio de tres anos desde a entrada en vigor deste real decreto, a denominación das sociedades de prevención constituídas ao abeiro do establecido no Real decreto 688/2005, do 10 de xuño, poderán conservar o nome da mutua, a expresión «mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social» ou o seu acrónimo «MATEPSS».

Disposición transitoria terceira. *Reservas de estabilización.*

As mutuas que, no momento da entrada en vigor deste real decreto, non alcancen as contías mínimas da reserva de estabilización previstas nos artigos 65.1 e 73.3 do Regulamento sobre colaboración das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1993/1995, do 7 de decembro, disporán dun prazo máximo de tres anos para a súa regularización.

O Ministerio de Traballo e Inmigración fixará os termos desa adecuación, de forma que non se produza unha diminución no nivel global de dotación actual das reservas constituídas por cada mutua tras o último exercicio orzamentario liquidado.

Disposición transitoria cuarta. *Adaptación dos estatutos.*

No prazo de seis meses a partir da entrada en vigor deste real decreto, as mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social adaptarán os seus estatutos ao disposto nel.

Disposición transitoria quinta. *Adaptación da carteira de valores.*

A adaptación da carteira de valores das mutuas ao disposto nos artigos 30 e 50 do Regulamento sobre colaboración das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1993/1995, do 7 de decembro, realizarase nos termos que determine o Ministerio de Traballo e Inmigración.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango contradigan ou se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 1221/1992, do 9 de outubro, sobre o patrimonio da Seguridade Social.*

Modifícanse os números 2 e 4 do artigo 27, que quedan redactados nos seguintes termos:

«2. O alleamento de títulos valores que formen parte da carteira das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, cando non sexa para a súa substitución nin fosen adquiridos con cargo aos ingresos procedentes das primas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, levarase a cabo logo das autorizacións recollidas no artigo 22.

Non obstante, cando o alleamento veña exixido para garantir o saldo medio anual mínimo establecido para os servizos de tesouraría a que se refire o artigo 30.1 do Regulamento sobre colaboración das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1993/1995, do 7 de decembro, levarase a cabo directamente sen que se requira autorización previa, dando conta inmediata ao Ministerio de Traballo e Inmigración.»

«4. O disposto no número anterior entenderase sen prexuízo das facultades reservadas ao Ministerio de Traballo e Inmigración sobre a dispoñibilidade do exceso do resultado económico positivo obtido pola xestión das contingencias profesionais, de conformidade co artigo 66 do Regulamento sobre colaboración das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de réxime económico da Seguridade Social.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Facúltase o ministro de Traballo e Inmigración para desenvolver o disposto neste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 14 de novembro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Inmigración
VALERIANO GÓMEZ SÁNCHEZ